

FERRAMENTAS

Publicación de noticias

1. INTRODUCCIÓN
2. ACCESO Á FERRAMENTA
3. AGREGAR NOTICIAS
4. XESTIÓN DE NOTICIAS
 - 4.1. Editar noticia
 - 4.2. Eliminar noticia
5. VISUALIZACIÓN DE NOTICIAS

1. INTRODUCCIÓN

Esta ferramenta posibilita ás persoas bibliotecarias enviar noticias a outras bibliotecas a través da intranet e compartilas coas persoas usuarias no OPAC.

2. ACCESO Á FERRAMENTA

1.- Accede ao módulo de ferramentas, premendo sobre a súa opción na pantalla de inicio ou na opción *Máis > Ferramentas* do menú superior de Intranet.



2.- Preme na opción *Noticias* do apartado *Ferramentas adicionais*.



3.- Aparece a pantalla *Noticias*.

3. AGREGAR NOTICIA

1.- Preme no botón *+Nova entrada*.

2.- Aparece un formulario para a creación da noticia.

3.- O formulario de creación está composto por diferentes campos que permiten configurar as características da noticia:

- *Mostrar localización*: a través dun despregable, permite escoller onde se vai querer mostrar a noticia: só na intranet, en forma de recibo de circulación, só no OPAC ou en todo.

- *Título*: é o único campo obrigatorio do formulario. Nel debe consignarse un nome para a noticia.

- A través dos campos *Data de publicación* e *Data de vencemento* pódese controlar e planificar o período de tempo durante o que vai ser visible esa noticia.

- O campo *Aparece na posición* serve para a establecer a orde de visualización das noticias no caso de que haxa máis de unha.

Aparece na posición:

- Por último, o campo *Noticias* é un campo de texto no que se pode introducir o texto que conforma a noticia.

Noticias:

Recorde que dende o día 14 ata o 21 de maio, a biblioteca permanecerá pechada por vacacións.

Path: p

4.- Unha vez feita a configuración, preme o botón *Enviar* situado na parte inferior do formulario.

Noticias do OPAC e Koha

Mostrar localización: Todo

Título: Recordatorio de vacacións *Requirido*

Data de publicación: 11/03/2025

(DD/MM/AAAA)

Data de vencemento: 21/05/2025

(DD/MM/AAAA)

Aparece na posición: 1

Noticias:

Recorde que dende o día 14 ata o 21 de maio, a biblioteca permanecerá pechada por vacacións.

Path: p

Enviar Cancelar

O sistema crea a noticia. As noticias configuradas, tanto visibles no momento actual como planificadas para ser visibles en días posteriores, poderanse consultar na táboa da pantalla *Noticias*.

Circulación Usuarios/as Buscar Carrinho Más eva.canciorascado | Asesoría de Bibliotecas Escolares Axuda



Introduza palabras clave para a busca:

[Préstamo](#) [Devolución](#) [Renovar](#) **Buscar no catálogo**

Inicio > Ferramentas > Noticias

- Ferramentas
- Usuarios/as e circulación**
 - Listra de usuarios/as
 - Comentarios
 - Creador de carnés de usuarios/as
 - Moderación de etiquetas
 - Carga de imaxes de usuarios/as
- Catálogo
 - Inventario
 - Creador de etiquetas
 - Creador rápido de etiquetas en columnas
 - Cargar imaxe de cuberta local

+ Nova entrada

Mostrar localización: Todo Filtro

Mostrando 1 a 1 de 1 Mostrar 20 entradas [Primeiro](#) [Previo](#) 1 [Seguinte](#) [Último](#) Buscar

Localización	Biblioteca	Número	Data de publicación	Data de vencemento	Título	Autor/a	Noticias	Accións
☐ Todo	Asesoría de Bibliotecas Escolares	1	11/03/2025	21/05/2025	Recordatorio de vacacións	Dña. Eva CANCIO RASCADO	Recorde que dende o día 14 ata o 21 de maio, a biblioteca permanecerá pechada por vacacións.	Editar Borrar

Mostrando 1 a 1 de 1 [Primeiro](#) [Previo](#) 1 [Seguinte](#) [Último](#)

4. XESTIÓN DE NOTICIAS

Dende a pantalla *Noticias*, ademais da creación de noticias, poderanse xestionar as xa existentes.

4.1. EDITAR NOTICIA


1.- Para editar unha noticia xa creada, preme no seu botón *Editar* correspondente.



The screenshot shows the Koha 'Noticias' page. At the top, there's a search bar and navigation links. Below, a sidebar lists various tools. The main area displays a table of news items. The first item is highlighted, and the 'Editar' button in the 'Accións' column is circled in red.

Localización	Biblioteca	Número	Data de publicación	Data de vencemento	Título	Autor/a	Noticias	Accións
Todo	Asesoría de Bibliotecas Escolares	1	11/03/2025	21/05/2025	Recordatorio de vacacións	Dña. Eva CANCIO RASCADO	Recorde que dende o día 14 ata o 21 de maio, a biblioteca permanecerá pechada por vacacións.	Editar Borrar

2.- Abrirase o formulario de edición cos datos da noticia. Modifica os campos desexados e preme o botón *Enviar* para que o sistema garde os cambios e actualice a información.



The screenshot shows the 'Noticias do OPAC e Koha' edit form. It includes fields for 'Mostrar localización', 'Título', 'Data de publicación', 'Data de vencemento', and 'Aparece na posición'. Below these is a rich text editor with a toolbar and a text area containing the news content. The 'Enviar' button is highlighted with a red box.

Noticias do OPAC e Koha

Mostrar localización:

Título: *Requerido*

Data de publicación: (DD/MM/AAAA)

Data de vencemento: (DD/MM/AAAA)

Aparece na posición:


Noticias:

Path: p

Enviar Cancelar

4.2. ELIMINAR NOTICIA

1.- Para eliminar unha noticia, preme no seu botón *Borrar* correspondente.



Inicio > Ferramentas > Noticias

+ Nova entrada

Mostrar localización: Filtro

Mostrando 1 a 1 de 1 Mostrar 20 entradas [Primeiro](#) [Previo](#) 1 [Seguinte](#) [Último](#) Buscar:

Localización	Biblioteca	Número	Data de publicación	Data de vencemento	Título	Autor/a	Noticias	Accións
☐ Todo	Asesoría de Bibliotecas Escolares	1	11/03/2025	21/05/2025	Recordatorio de vacacións	Dña. Eva CANCIO RASCADO	Recorde que dende o día 14 ata o 21 de maio, a biblioteca permanecerá pechada por vacacións.	Editar Borrar

Mostrando 1 a 1 de 1 [Primeiro](#) [Previo](#) 1 [Seguinte](#) [Último](#)

2.- Mostrarse unha mensaxe de confirmación que é necesario aceptar.

intranet.edubib.xunta.gal dice

Está seguro de querer borrar esta noticia? Isto non se pode desfacer.

Pódense eliminar varias noticias á vez, seleccionándoas e pulsando o botón *Eliminar seleccionados* situado na parte baixa da táboa.

The screenshot shows the Koha library management interface. The top navigation bar includes links for 'Circulación', 'Usuarios/as', 'Buscar', 'Carriño', and 'Máis'. The main content area is titled 'Noticias' and contains a table of news items. A red bracket highlights the 'Localización' column, and a red box highlights the 'Eliminar seleccionados' button at the bottom.

Localización	Biblioteca	Número	Data de publicación	Data de vencemento	Título	Autor/a	Noticias	Accións
☒ Todo	Asesoría de Bibliotecas Escolares	1	11/03/2025	21/05/2025	Recordatorio de vacacións	Dña. Eva CANCIO RASCADO	Recorde que dende o día 14 ata o 21 de maio, a biblioteca permanecerá pechada por vacacións.	Editar Borrar
☒ Todo	Asesoría de Bibliotecas Escolares	2	11/03/2025	31/03/2025	Préstamo de libros	Dña. Eva CANCIO RASCADO	Xa están dispoñibles para préstamo os libros da exposición temática con motivo do 8M.	Editar Borrar

Eliminar seleccionados

Ao igual que na eliminación de forma individual, mostrase unha mensaxe de confirmación que é necesario aceptar para rematar o proceso.

intranet.edubib.xunta.gal dice

Está seguro de querer eliminar as noticias seleccionadas?

Aceptar

Cancelar

5. VISUALIZACIÓN DE NOTICIAS

- Na Intranet, a persoa bibliotecaria verá as noticias na parte esquerda da pantalla de Inicio.




- As noticias en forma de *recibo de circulación*, mostraranse ao imprimir un recibo de circulación dunha persoa usuaria.

Préstamos de Anxo GONZÁLEZ
(CEL009-11)
22/04/2021 13:54

Préstamos

Na fogueira dos versos
Código de barras: CEL009000000519
Data de vencemento: 29/04/2021 23:59

Retrasos



Publicado el 22/04/2021

- No OPAC, as noticias serán visibles na parte superior da pantalla de Inicio.



BIBLIOTECAS
ESCOLARES
DE GALICIA

Listas ▾

Idiomas ▾

Acceda a su cuenta

Catálogo de la bibliot ▾

[Búsqueda avanzada](#) | [Explorar por jerarquía](#) | [Sugerencias de compra](#)

Inicio

Recordatorio de vacaciones

Recorde que dende o día 14 ata o 21 de maio, a biblioteca permanecerá pechada por vacacións.

(publicado en 11/03/2025)



Fuente RSS para Asesoría de Bibliotecas Escolares las noticias de todas las bibliotecas.

Asesoría de Bibliotecas Escolares

(Santiago de Compostela - A Coruña)

Ingrese a su cuenta:

Usuario:


Contraseña:

[¿Olvidó su contraseña?](#)

Más prestados en "Asesoría de Bibliotecas Escolares"

◀





▶